

Amigas e amigos.

Sra. Deputada delegada da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo.

Sra. Concelleira de Cultura do Concello de Lugo.

Sra. Deputada no Parlamento Galego.

Celebramos hoxe os VI premios Mestras e Mestres da Memoria que dende hai tres anos entregamos en Lugo, *Capital galega da Literatura de Tradición Oral*, e celebrámolo aquí, porque aquí naceu a cerna da Sección de Literatura de Tradición oral da maó de Antonio Reigosa e mais de Isidro Novo, quen partiu demasiado cedo para os territorios onde os soños constrúen o seu día a día e enchen as nosas vidas de recordos, as veces doridos, tristes. A súa obra as súas palabras son a nosa memoria persoal e colectiva, son xa a nosa biografía. Abrazamos hoxe a súa familia.

E celebramos esta Gala, este acto de celebración e recoñecemento, aquí, porque a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega sempre recibiu o apoio das institucións de Lugo, das áreas de cultura da Deputación Provincial e do Concello de Lugo.

Na Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega sabemos que a tradición oral de noso axudou a crear o espello onde nos ollar con dignidade cando no relato da historia que nos foron contando non nos recoñecíamos.

A oralidade deu, e dará, a nosa dimensión humana en relación coa natureza e o universo que a contén, a nosa ollada singular coa que ver o mundo e outras culturas coas que dialogar. Unha cultura está viva se ten unha tradición oral viva, unha oralidade viva, nunha continua construción e anovación das formas culturais, que serán as tradicións do futuro.

A oralidade trae ate nós o eco dun eco lonxincuo, a mensaxe orixinaria do ser humano, que é modelada á luz do presente.

Na Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega sabemos que mentres teñamos literatura oral, o noso idioma seguirá a ser algo vivo e actuante. E a nosa literatura terá as raíces chantadas no centro do ser desta terra.

A tradición oral axúdanos a buscar a riqueza da nosa complexidade para así non caer na ditadura do actual, tantas veces vestido coas esplendorosas roupas do efémero e banal en que tantas veces se está a converter o imaxinario colectivo hoxe hexemónico; o mesmo que está a constituír o actual nun verdadeiro tecido de control social.

A memoria histórica das verdades da humanidade, de aquilo que permanece, vénnola contando a tradición oral, porque a sabedoría popular fai que cheguen até nós os mitos fundadores, as lendas, os cantares, o pensamento, as emocións, á marxe das

estruturas de poder que foron escribindo a súa propia historia, que fixeron fose a nosa.

Lía recentemente a Catherine Nixey nunha súa viaxe aos cimentos da intolerancia, de como a Igrexa como poder hexemónico borrou as cultura clásicas, como detivo o reloxo da ciencia e a filosofía. É máis complexa na nosa cultura a relación coa Igrexa como creadora e destrutora, transformadora das nosas culturas precristiás.

A cultura clásica material que temos os galegos e da que unha parte importantísima vive no subsolo desta nosa fermosa cidade de Lugo, foinos transmitida de forma reelaborada pola cultura popular, oralmente. Ela fixo que sobreviviran e chegaran até nós, co seu dicer dende a irreverencia, sempre transgredindo a intolerancia da Igrexa cando esta era un muro que salvar.

Da mao das nosas Mestras e Mestres da Memoria vivimos esa viaxe marabillosa ao longo dos séculos, escoitando un conto, unha lenda, a música popular tocada polo acordeón, poñamos por caso, que convoca os nosos sentidos e fainos esquecer que son duros os días, esquecemos de nós mesmos para lembrar que formamos parte da harmonía do humano universal como mulleres e homes galegos.

Todo isto procuramos documentaloo na nosa web, na Sección de Literatura de Tradición Oral, coa celebración e gravación das Polafias, coa súa completa e rica achega á musica, ás mais diversas formas de canto, etc. Coa gravación da memoria dos nosos Mestres e Mestras da Memoria. Nese camiño andamos, hoxe coa incorporación do escritor Lois Pérez.

Somos afortunados os galegos por termos Mestres e Mestras da Memoria dunha tradición oral, como Pazos de Merexo e Luz Fandiño.

Di a escritora Wislawa Szymborska que o talento non é un fenómeno de masas. Mais nós temos homes e mulleres tocados pola mao xenerosa do talento, que hoxe nos acompañan como Mestre e Mestra da Memoria, para contar e cantar historias ou para con moi poucos medios seren capaces

de crear e transmitir a nosa cultura, de ter conseguido que a propia vida sexa a mellor obra que nos poden legar. Co mérito engadido que ten telo feito ao tempo que atendían o día a día dos seus traballos e fatigas, coas súas dores e as súas ledicias; de ter a capacidade intelectual, o talento e a afouteza de camiñar ese longo camiño, de saber construír unha cultura e ao tempo, no caso de Luz, de defender a súa liberdade como muller diante da violencia da historia contra das mulleres, que ás veces na súa invisibilidade non deixa marcas no corpo, mais déixaas na alma, indelébeis. Como nos explicaba a escritora galega universal Isabel Clara Simó «Calquera intento de posesión da liberdade doutra persoa trae sempre os máis diversos xeitos de violencia.»

Parabéns á nosa Mestra da Memoria Luz Fandiño.

Parabéns ao nos Mestre da Memoria Manuel Pazos, *Pazos de Merexo*.

Este é un acto de celebración, de afecto e de tenrura, hoxe que os recoñecemos como os nosos Mestra e Mestre da Memoria, Mestra e Mestre xa das xeracións futuras.

*Cesáreo Sánchez Iglesias  
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega  
Centro Cultural O Vello Cárcere  
Lugo. 26 de maio de 2018*